Rías Baixas

memoria exercicio 2009

Estimado/as Adegueiro/as:

Un ano máis diríxome ás 199 adegas e aos 6.577 viticultores que co seu traballo constante "lideran" día a día, mes a mes, e ano tras ano esta Denominación de Orixe á que teñen convertido co seu esforzo no que é hoxe un referente dos viños brancos de calidade.
É por eles, polos nosos asociados, que na Denominación de Orixe Rías Baixas o imposible é sinónimo de posible e así nun ano como 2009, marcado por unha crise económica mundial, tivemos que realizar un maior esforzo empresarial e profesional, e afrontar todos os retos que o panorama vitivinícola nos foi impoñendo. Por iso, e en razón ao bo ritmo de vendas, conseguiuse manter o prezo da nosa uva en valores lixeiramente superiores aos de anos anteriores.

O Pleno do Consello Regulador aprobou no pasado exercicio por unanimidade o seu novo Regulamento de funcionamento. Dito texto, ademais de se adaptar aos novos tempos, recolle unha serie de modificacións que o adecúan ao marco lexislativo actual, principalmente á OCM do viño, á "Ley de la Viña y el Vino" é á Lei Galega de Promoción e Defensa da Calidade Agroalimentaria. Será unha ferramenta de proveito para os asociados nos vindeiros anos.

Neste sentido, este Consello Regulador quere amosar a súa ledicia pola aprobación por unanimidade dunha Proposición Non de Lei (PNL) no Congreso dos Deputados que permitirá excluir a variedade de uva Albariño dos viños de mesa sen denominación de orixe.
Esta aprobación deberá ratificarse en Europa, pero supón un gran paso adiante na loita plantexada para que a nova OCM del Vino contemple a excepcionalidade da uva Albariña. Deste xeito, o Goberno poderá reclamar á Comisión Europea que retire esta variedade das listas para vinificación e prohiba o seu etiquetado para o viño sen denominación. Ademáis a aprobación desta PNL supón evitar que esta variedade poida ser vinificada noutras comunidades autónomas de forma masiva, e só poderán facelo as Denominacións de Orixe e as Indicacións Xeográficas Protexidas que antes acrediten que a cepa forma parte da cultura vinícola da rexión.

Presentamos tamén o novo itinerario da "Ruta del Vino Rías Baixas" pola subzona de Ribeira do Ulla e así a Ruta, con máis de noventa asociados, pasa a ter seis itinerarios en total; catro deles por O Salnés, un por O Rosal e outro por Ribeira do Ulla. Seguimos traballando en ampliar a Ruta ao resto das subzonas. Neste posicionamento imparable dos viños de Rías Baixas e da súa ruta, Caixanova mostrou a súa clara aposta por este sector a través da sinatura dun convenio.

Como non podería ser doutra maneira, os viños de Rías Baixas apostaron por consolidarse e incrementar a súa presenza nos seus mercados naturais como é o caso do madrileño. A campaña "Noches con nombre propio", da que desenvolveremos unha segunda edición, levou en 2009 a 40 locais de moda da capital os viños de Rías Baixas para potenciar a súa imaxe e asociar o nome da variedade albariño ao seu orixe, as Rías Baixas. O éxito e a orixinalidade desta acción continuará, e incorporaranse as novas etiquetas das botellas promocionais de Rías Baixas, cun deseño sinxelo e elegante que transmite unha imaxe moderna e actual.

En definitiva, creo que un ano máis defendimos os nosos viños de calidade, cun sabor xenuíno e atlántico que non deixa indiferente ao consumidor máis esixente.

Jose Ramón Meiriño González
Presidente do Consello Regulador D.O. Rías Baixas

PRESIDENTE

D. José Ramón Meiriño González

VICEPRESIDENTE

D. Gerardo Méndez Lázaro

VOGAIS SECTOR PRODUTOR

D. Ramiro Baulo Rey
Agromiño S.L. (D. Antonio Álvarez Suárez)
Limeres Rodríguez S.A. (D. Fernando Bandeira García)
D. David J. Castro Mougán
Álvarez Viéitez S.L. (Dna. María Teresa Estévez Rodríguez)
D. Luciano Fernández Besada
D. Daniel Meaño Alba
Xesvitgal S.L. (D. Jesús Paz Parracho)
D. Roberto Rivas Reboredo

VOGAIS SECTOR ELABORADOR

D. Adegas Tollodouro S.A. (D. José María Campos Pérez)
Bodegas Terras Gauda S.A.(D. Enrique Costas Rodríguez)
Cabaleiro do Val S.L. (D. Francisco Dovalo López)
Bodegas del Palacio de Fefiñanes (D. Juan Gil González de Careaga)
Adegas Arousa de Bebidas S.L. (D. Germán Martínez Novo)
Bodegas Gerardo Méndez S.L. (D. Gerardo Méndez Lázaro)
Eulogio Pomares Zárate e Hijos S.L. (D. Eulogio Pomares Botana)
Adegas Galegas S.L. (D. Xosé Rodríguez Fernández)
Bodegas As Laxas S.A. (D. José Simón Ferro)

VOGAIS DE ADEGAS DE BASE COOPERATIVA

D. Carlos Carrión Álvarez
Viña Almirante S.C.G. (D. José Estévez Pomar)
Bodegas Martín Códax S.A.U. (D. Juan Vázquez Gancedo)
Adegas Condes de Albarei S.A.U. (D. Xavier Zas García)

VOGAIS DELEGADOS

D. Gerardo Zugasti Enríquez
D. José Manuel Fernández Castro

ORGANIGRAMA DO CONSELLO REGULADOR DENOMINACIÓN DE ORIXE RÍAS BAIXAS



ESTRUCTURA DEL ÓRGANO DE CONTROL



● Relación de xerarquía de Cadro de Persoal e Contratación, deberes e servizos solicitados directamente polo Pleno, pero con independencia en temas de Inspección e Auditoría.

● Dependencia xerárquica, incluíndo no caso do Órgano de Control, as decisións sobre Control de Calidade e iniciación e resolución de expedientes de auditoría en Inspección.

O valor dunha marca

Novos datos e instrumentos para reforzar a penetración nos mercados

Desde hai anos, os viños Rías Baixas gozan dun nivel de recoñecemento internacional que representa hoxe un valor en si mesmo.

Máis aló de etiquetas identificativas e garantías de orixe, a importancia da marca como resumo dun xeito de entender o viño e a viticultura non é sempre fácil de transmitir, pero resulta moi evidente cando examinamos casos como a recente "condena" a produtores de Australia pola atribución indebida da referencia "albariño" nalgúns dos seus viños.

Ao marxe dos aspectos legais o que este feito pon de relevo é que a marca "Albariño", asociada de seu a "Rías Baixas" nas nosas campañas de promoción, é un valor recoñecible e apetecible a nivel mundial: algo digno de ser copiado, como os bolsos de Gucci. Non hai mal que por ben non veña, como di o refrán.

Non é casualidade senón o resultado dun convencemento baseado no traballo do sector. Un sector moderno e capaz de afrontar o futuro sobre bases ben firmes e recoñecibles. Así o din os datos: en 2009 presentouse un proxecto cooperativo para a implantación de procedementos de xestión e control para a mellora dos viños, realizado coa colaboración da fundación FEUGA; a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia; o Departamento Técnico do propio Consello Regulador da nosa Denominación; o Grupo de Enxeñería da Organización

Os esforzos de promoción multiplicáronse en 2009. A esquerda, unha cea de promoción en Xapón. Á dereita, presentación da "Ruta del Vino Rías Baixas".

da Escola Técnica de Enxeñeiros Superiores da Universidade de Vigo; e a Consellería do Medio Rural, todo iso co apoio económico dos fondos FEADER.

O traballo actual é refundir as conclusións dese estudo nun "Manual de Calidade" que recolla o conxunto de procedementos estándares aplicables ao resto do sector vitivinícola.

É un paso necesario para desenvolver o novo papel do Consello Regulador como órgano acreditador de eventuais certificacións de calidade para calquera empresa.

NOVO PERFIL OPERATIVO

Precisamente esta nova xeira do Consello Regulador é a que quedou trazada coa aprobación do novo regulamento o pasado mes de xullo, que modifica a normativa herdada dos tempos da fundación desta Denominación de Orixe, sen apenas cambios importantes en todos estes anos.

O texto contén importantes novidades para o futuro e abre a porta á modernización dunha estrutura organizativa que precisaba adaptarse a un novo marco legal (autonómico, nacional, europeo), dotarse de ferramentas axeitadas ás novas funcións a desenvolver e, finalmente, acadar unha maior capacidade operativa.

O desenvolvemento do Regulamento que agora estamos iniciando será unha das claves. O cambio na personalidade xurídica do Consello Regulador abre a vía dunha maior independencia a todos os niveis. Para decidir sobre a elaboración de novos produtos amparados na Denominación, caso dos "viños espumosos", por poñer un exemplo.

Pero o novo perfil operativo do Regulamento dános tamén a posibilidade de sacar proveito da nosa experiencia e coñecementos técnicos apostando por vías de rendibilidade para os vindeiros anos, como pode ser por exemplo, a oferta de servizos de xestión aplicados ao campo vitivinícola por parte do CRDO.

A BUSCA DO CONSUMIDOR

Afrontamos este período de redeseño das pautas e bases da actividade da Denominación de Orixe moi conscientes de que vivimos momentos duros, pero convencidos da idea de que po-

Expertos e prescriptores de distintas procedencias toman contacto directo cada ano coa nosa Denominación, nunha importante acción de cara ao posicionamento nos mercados internacionais.

As guías de referencia no sector vitícola nacional e internacional seguen considerando aos viños "Rías Baixas" entre os mellor cualificados e gozan desde hai anos dun prestixio de seu.

Os viños de Denominación de Orixe representaron no total das exportacións españolas en 2009 un significativo 46% da facturación total.

No contexto da crise global, o viño español perdeu un 13,5% en valor, fronte ao 19% dos viños franceses.

demos saír reforzados desta situación de crise actual.

Con respecto a estes momentos de incertidume económica, convén examinar as cifras dun xeito global.

É certo, por exemplo, que durtante 2009 se mantivo a caída nas vendas de viño na maioría dos mercados, pero se comparamos as cifras globais do mercado español e o francés, un dos seus competidores naturais, podemos clarificar un pouco a situación.

Segundo datos do "Observatorio Español del Mercado del Vino", o viño francés perdeu en 2009 un 19% en valor de exportación, que no caso de España situábase nun 13,5 % de diminución.

No caso de España, a baixada de prezos quedou nun 4,2%, bastante lonxe das cifras francesas, aínda que tamén hai que ter en conta que o prezo medio dos viños franceses na exportación é de 4,42 euros / litro, fronte ao 1,14 euros/litro do viño español.

Por outro lado, os viños franceses sufriran no 2008 unha forte corrección do prezo, que pasou dunha media de 4,98 euros/litro a 4,42.

Se falamos de Viños con Denominación de Orixe, non podemos esquecer que o seu peso específico no total das exportacións é moi representativo. En 2009 representaba un 46 % da facturación total.

A LOITA POLO PRESTIXIO

Os viños "Rías Baixas" gozan dun prestixio de seu, conseguido grazas aos esforzos do sector en todos estes anos. Así o reco-

Un grupo de xornalistas americanos visitaron Rías Baixas durante o verán, no marco das accións de promoción da Campaña USA 2009.

ñecen, ano tras ano, as guías de referencia a nivel nacional e internacional, onde os nosos viños adoitan conseguir moi boas cualificacións dos expertos. Pero para facer rendible ese capital inmaterial que é unha "marca" cómpre baixar á realidade.

É no día a día, na investigación sobre os gustos e hábitos dos consumidores, onde se produce á batalla.

E nesa batalla o márketing é fundamental para colocar o noso produto non só á vista dos consumidores nas tendas especializadas e grandes superficies de distribución senón no seu ambiente social e emocional, nese territorio imaxinario onde nacen as súas preferencias.

Obviamente esa é a misión das campañas publicitarias que afrontamos cada ano en momentos precisos para reforzar ese vínculo entre o consumidor e o produto. Campañas de promoción e márketing, no mercado nacional ou estranxeiro, que teñen sido recoñecidas polos profesionais.

Campañas que buscan establecer ese vínculo emocional coa nosa "marca" entre os consumidores. Iniciativas que establecen relacións máis ou menos evidentes entre os viños Rías Baixas e os nosos mellores momentos. Estímulos positivos.

FERRAMENTAS PRECISAS

Hoxe podemos avanzar decididamente cara os mercados con instrumentos e ferramentas cada vez máis precisas. Neste contexto podemos citar os recentes informes sobre os consumidores españois de viños brancos e, máis concretamente, sobre as mulleres e o viño en España, que trazan con liñas bastante detalladas os perfís dos nosos eventuais clientes.

Ferramentas que axudan a coñecer os gustos e preferencias do público para enfocar tanto as campañas institucionais en xeral como as estratexias comerciais das adegas en particular.

Estará neses estudos a clave de novas elaboracións do Rías Baixas máis axeitadas ás demandas de certos públicos emerxentes, como as mulleres ou a xente máis nova?

Podemos fixar obxectivos máis concretos para as nosas campañas de promoción dirixidas a

Á esquerda: grupo de catadores durante a Cata-Concurso celebrada na Festa do Albariño de Cambados. Á dereita: un bar de viños durante a campaña "Noches con Nombre Propio. O boca á orella é un modo eficaz de penetración nos mercados nacionais.

grupos específicos de consumidores?

O arsenal documental necesario para dar resposta a estas preguntas non deixa de medrar, grazas á actividade de organismos ou fundacións como o Observatorio Español del Mercado del Vino, onde están representados os Ministerios de Agricultura e de Industria, as Comunidades Autónomas, as Organizacións Profesionais Agrarias, os Consellos Reguladores Vitivinícolas, o sector produtor e comercializador.

Tamén é preciso reorientar ou combinar algunhas estratexias de cara a tirar o máximo proveito de todas as oportunidades dispoñibles.

Para atender tendencias emerxentes como o Enoturismo, nacen experiencias como a "Ruta del Vino Rías Baixas", que conta cun decidido apoio institucional pero ten as súas bases na empresa privada: adegas, hoteis e restaurantes, axencias de viaxes e comercios e centros de ocio, todos eles comprometidos cunha iniciativa turística moderna e sostible.

As experiencias baseadas nas redes sociais teñen tamén un campo aberto con iniciativas que se están amosando moi eficaces á hora de rendibilizar custos.

A este respecto, unha campaña como "Noches con nombre propio", realizada en corenta locais de hostalería de Madrid, pon de relevo a importancia do "boca á orella" á hora de fidelizar e fomentar hábitos de consumo entre os nosos clientes potenciais

Sabemos que é difícil loitar contra a caída do consumo no marco dunha crise xeral e global. Pero está claro que temos unha marca cada vez máis consolidada a todos os niveis, dentro e fóra da Península, e que cada vez temos máis instrumentos para poder manexar con precisión ese valor, dirixindo as nosas campañas de xeito eficaz a públicos ben definidos, fomentando o uso de novas ferramentas comerciais (venda electrónica) ou de comunicación (redes sociais) para situar o noso produto nos mercados, en definitiva, seguindo o camiño que marcan os tempos desde a firme convicción de que os Rías Baixas serán sempre unha aposta segura, porque a súa calidade está asentada nun proceso de modernización constante.

A vendima

Dificultades iniciais e un remate con boas perspectivas

Finalmente, a campaña 2009 resultou moi satisfactoria, e iso contando con que afrontaba un ciclo difícil, empezando polas elevadas chuvias primaverais e un mes de xullo con difíciles perspectivas: temperaturas medias máis baixas do normal para esa época do ano, ademais de abundantes niveis de pluviometría. Un escenario que representaba un risco potencial para a nova colleita. No entanto, o mes de agosto deenvolveuse correctamente e finalmente foi setembro quen volveu darnos unha alegría con datos climatolóxicos máis propios do pleno verán.

As altas temperaturas de setembro permitiron agardar o suficiente, ata acadar graduacións e niveis de acidez axeitados e ter uns ritmos de vendima que mesmo parecían demasiado lentos nalgúns casos.

Os resultados tras as primeiras análises e os primeiros datos dos mostos presentaban as virtudes aromáticas varietais comúns nos nosos viños, pero son os datos de gradación e sobre todo de acidez (baixadas dun punto e pico na acidez total sobre a campaña pasada e con niveis inferiores en málico) os que provocan que a maioría dos técnicos consultados teñan boas impresións de cara ao novo viño.

SUPERFICIE

DATOS DOS ÚLTIMOS 10 ANOS

Viticultores



Adegas



Superficie (Ha.)



Viño elaborado (Hl.)



Viño comercializado (litros)



DENOMINACIÓN RIAS BAIXAS
Concellos, Viños e Castes

DISTRIBUCIÓN POR SUBZONAS (2009)

Viticultores



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TOTAL: 6.556

Superficie (Ha.)



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TOTAL: 3.698,28 Ha

Superficie-viticultor



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TOTAL: 0,56 Ha.

Parcelas



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TOTAL: 21.005

Parcelas-viticultor



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TOTAL: 3,20

VENDIMA

RENDEMENTOS. Anos 2003-2009

Superficie (Has.)



Vendima (Kg.)



Rendemento (Kg./Has.)



PRODUCIÓN POR CASTES/SUBZONAS. Colleita 2009

ALBARIÑO



Porcentaxe do total: 95,17%

TREIXADURA



Porcentaxe do total: 1,30%

LOUREIRO



Porcentaxe do total: 1,27%

RENDEMENTO TRANSFORMACIÓN UVA/MOSTO (Kg./L.)



VOLUME DE UVA VENDIMADA (Kg.) POR SUBZONAS

	Uva importada	*Uva*
Condado	415.993	
O Rosal	514.693	
Ribeira do Ulla	22.275	
Soutomaior	0	
Val do Salnés	548.266	
TOTAL	1.501.227	

Rías Baixas

OUTRAS BRANCAS



Porcentaxe do total: 1,20%

TINTAS



Porcentaxe do total: 1,05%

TOTAL PRODUCIÓN POR CASTES/SUBZONAS
Colleita 2009



exportada	Uva vinificada	Uva vendimada
416.293	5.196.576	5.196.876
336.277	3.326.376	3.147.960
231.188	347.521	556.434
16.971	17.188	34.159
500.498	14.736.425	14.688.657
1.501.227	23.624.086	23.624.086

PRODUCIÓN POR CASTES. Anos 2003-2009

En kilos



PRODUCIÓN

UVA EXPORTADA A OUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
CONDADO DO TEA	596.474	491.689	433.796	335.610	366.570	308.578	416.293
O ROSAL	156.522	250.407	266.046	735.589	512.251	324.622	336.277
RIBEIRA DO ULLA	23.425	29.521	68.756	150.900	166.670	238.544	231.188
SOUTOMAIOR	7.765	10.953	18.038	23.638	6.736	11.835	16.971
VAL DO SALNÉS	988.958	1.316.537	1.055.455	1.023.704	504.155	525.741	500.498

UVA IMPORTADA DOUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
CONDADO DO TEA	662.455	856.318	932.444	1.309.558	571.731	553.659	415.993
O ROSAL	1.013.692	983.987	687.136	649.847	560.758	432.226	514.693
RIBEIRA DO ULLA	36.329	54.823	46.370	42.602	27.120	12.933	22.275
SOUTOMAIOR	24.509	9.311	8.245	0	0	32.203	0
VAL DO SALNÉS	36.159	194.668	167.896	267.434	396.773	378.893	548.266

COMPARATIVA ADEGAS CON VINIFICACIÓN (2004-2009)



PROPORCIÓN DE ADEGAS CON VINIFICACIÓN EN 2009



EVOLUCIÓN NÚMERO DE ADEGAS



UVA VINIFICADA POR SUBZONAS 2003-2009 (datos en Kg.)

	Condado do Tea	O Rosal	Ribeira do Ulla	Soutomaior	Val do Salnés
2003	3.545.707	2.904.056	244.834	50.606	9.717.591
2004	4.634.944	3.335.941	382.132	54.319	14.361.329
2005	5.189.950	3.120.300	372.052	37.777	13.182.961
2006	6.573.516	3.987.553	434.289	30.832	19.583.910
2007	4.218.044	2.609.950	315.507	20.191	11.573.203
2008	4.561.351	2.552.395	356.792	55.631	12.371.208
2009	5.196.576	3.326.376	347.521	17.188	14.736.425



Datos destacados

EXPORTACIÓNS 2004-2009 (Volume en litros)



EVOLUCIÓN DO TOTAL DAS EXPORTACIÓNS 2000-2009 (Volume en litros)



Exportacións por países - Ano 2009 (litros)



Alemaña	155.888
Austria	5.642
Bélxica	52.022
Bulgaria	4.734
Dinamarca	9.228
Finlandia	11.807
Francia	13.420
Grecia	99
Holanda	67.794
Irlanda	40.735
Italia	3.975
Luxemburgo	864
Portugal	5.713
Reino Unido	342.336
Hungría	9
Poloña	7.056
Rep. Checa	796
Letonia	436
Chipre	36
Lituania	411
Estonia	423
Eslovaquia	238
Malta	234
Eslovenia	0
Suecia	54.492
Rumanía	974
TOTAL UE	**779.365**

Andorra	26.252
Islandia	0
Liechtenstein	0
Noruega	52.119
Suiza	120.366
TOTAL EEE	**198.737**
Rusia	5.814
Outros	5.876
RESTO EUROPA	**11.690**
China	3.290
Xapón	33.318
Filipinas	711
Singapur	738
Taiwan	454
Outros	2.628
TOTAL ASIA	**41.140**
Emiratos Arabes	6.921
Outros	10.386
TOTAL ÁFRICA	**17.307**

Arxentina	522
Brasil	20.227
Canadá	47.007
Colombia	1.404
Cuba	531
O Salvador	0
Guatemala	1.170
E.E.U.U.	1.634.389
México	101.175
Nicaragua	250
Porto Rico	130.926
Costa Rica	1.260
Rep. Dominicana	9.454
Venezuela	3.132
Perú	1.162
Panamá	9.999
Uruguai	271
Outros	8.604
TOTAL AMÉRICA	**1.971.484**
Australia	35.921
Nova Zelanda	1.930
TOTAL OCEANÍA	**37.851**

INGRESOS ORDINARIOS

CAPÍTULO 3 - TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, OUTROS INGRESOS	**1.472.750,00**
ARTIGO 33 - TAXAS PARAFISCAIS	1.298.500,00
01 - EXACCIÓN S/PLANTACIÓNS INSCRITAS (CANON VIÑEDO)	182.500,00
02 - EXACCIÓN S/PRODUTOS AMPARADOS (CANON VIÑO)	900.000,00
04 - EXACCIÓN POR VENDA DE CONTRAETIQUETAS	216.000,00
ARTIGO 39 - OUTROS INGRESOS	174.250,00
CAPÍTULO 4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES	**42.000,00**
ARTIGO 45 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	42.000,00
CAPÍTULO 5 - INGRESOS PATRIMONIAIS	**15.000,00**
CAPÍTULO 7 - TRANSFERENCIAS CAPITAL	**372.500,00**
CAPÍTULO 8 - ACTIVOS FINANCIEIROS	**575.000,00**
ARTIGO 87 - REMANENTE DE TESOURERÍA	575.000,00
TOTAL INGRESOS	**2.477.250,00**

GASTOS ORDINARIOS

GASTOS DE FUNCIONAMENTO

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**158.500,00**
ARTIGO 13 - LABORAIS	127.500,00
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	31.000,00
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**173.390,00**
ARTIGO 21 - REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN	13.570,00
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	105.220,00
ARTIGO 23 - INDEMNIZACIÓNS RAZÓNS SERVIZO	54.600,00
CAPÍTULO 3 - GASTOS FINANCIEIROS	**2.500,00**
ARTIGO 34 - DEPÓSITOS, FIANZAS E OUTROS	2.500,00
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**3.000,00**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO	3.000,00
TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO	**337.390,00**

CONTROL DE CALIDADE

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**254.700,00**
ARTIGO 13 - LABORAIS	117.500,00
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	36.500,00
ARTIGO 14 - OUTRO PERSOAL (VEEDORES)	100.700,00
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**289.350,00**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	289.350,00
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**6.000,00**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVERSIÓN NOVA	6.000,00
TOTAL CONTROL CALIDADE	**550.050,00**

CAMPAÑA DE PUBLICIDADE

CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS	**986.490,00**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	986.490,00
TOTAL CAMPAÑA DE PUBLICIDADE	**986.490,00**

PROMOCIÓN

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**69.300,00**
ARTIGO 13 - LABORAIS	53.000,00
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	16.300,00
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**534.020,00**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	534.020,00
TOTAL PROMOCIÓN	**603.320,00**
TOTAL GASTOS	**2.477.250,00**

RESUMO DE INGRESOS

CANON E CONTRAETIQUETAS	1.298.500,00
INGRESOS EXTRAORDINARIOS	189.250,00
TRANSFERENCIAS CORRENTES	414.500,00
REMANENTE ANOS ANTERIORES	575.000,00
TOTAL	**2.477.250,00**

RESUMO DE GASTOS

GASTOS DE FUNCIONAMENTO	337.390,00
CONTROL DE CALIDADE	550.050,00
PUBLICIDADE E PROMOCIÓN	1.589.810,00
TOTAL	**2.477.250,00**
INGRESOS - GASTOS	**0,00**

INFORME DE AUDITORIA DE ESTADOS FINANCIEROS

Al Pleno del Consello Regulador da
Denominación de Orixe "Rías Baixas"

1.- He auditado los estados financieros del Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" (el Consello), (en adelante la Sociedad) que comprenden el balance de situación al 31 de diciembre de 2.009, la cuenta de pérdidas y ganancias, el estado de cambios en el patrimonio neto, y la memoria correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha, cuya formulación es responsabilidad de la Dirección del Consello. Mi responsabilidad es expresar una opinión sobre las citadas cuentas anuales en su conjunto, basada en el trabajo realizado de acuerdo con las normas de auditoría generalmente aceptadas, que requieren el examen, mediante la realización de pruebas selectivas, de la evidencia justificativa de las cuentas anuales y la evaluación de su presentación, de los principios contables aplicados y de las estimaciones realizadas.

2.- De acuerdo con la legislación mercantil los Administradores presentan, a efectos comparativos, con cada una de las partidas del balance de situación, de la cuenta de pérdidas y ganancias, del estado de cambios en el patrimonio neto y de la memoria de los estados financieros además de las cifras del ejercicio 2.009, las correspondientes al ejercicio anterior. Mi opinión se refiere exclusivamente a los estados financieros del ejercicio 2.009. Con fecha 04 de junio de 2.009 emití mi Informe de Auditoría acerca de los estados financieros del ejercicio de 2.008, en la que expresé una opinión favorable.

3.- En mi opinión, los estados financieros del ejercicio 2.009 adjuntos expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera del Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" al 31 de diciembre de 2.009 y de los resultados de sus operaciones y de los cambios en el patrimonio neto correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha y contienen la información necesaria y suficiente para su interpretación y comprensión adecuada, de conformidad con los principios y normas contables generalmente aceptados en la normativa española que resultan de aplicación y que guardan uniformidad con los aplicados en el ejercicio anterior..

Vigo, a 25 de Mayo de 2.010

Fdo. Pablo González Tenorio
Auditor Independiente
Registro del R.O.A.C. nº 10.548

1. VIÑEDOS

Inspección sobre Viñedos:
1.175 resolucións de expedientes de viticultores

2. XESTIÓN DOCUMENTAL

Atención Directa:
Desprazamentos: 28
Cambios de titularidade: 142
Baixas de viticultores: 107
Inscrición novos viñedos: 223

INSPECCIÓN SOBRE ADEGAS

Inspección sobre adegas: 424
Supervisión de transporte en adegas: 395
Realización de aforos: 384
Inspección adegas nova inscripción: 4
Descorchados, retirada de etiquetas, etc: 35

RECOLLIDA E CUALIFICACIÓN DE MOSTRAS

Recollida de mostras: 1.270
93 sesións de cata
8 sesións extraordinarias de apelación
47 catadores para catas ordinarias
7 catadores de apelación
14.863.227 litros catados e analizados mostra por mostra

REXISTRO ADEGAS

Inclusión novas adegas: 4
Baixas: 16
Autorización novas marcas: 61

CONTROL DE VENDIMA

70 veedores
17.282 partidas de uva
Control directo sobre 170 adegas
Control de 293 transportes de uva entre subzonas

CONTROL DE MERCADO

800 mostras
54 establecementos da xeografía galega

FORMACIÓN Y PROMOCIÓN

Fixéronse cursos e charlas destinadas á formación e aos profesionais, en feiras nacionais, a grupos de sumilleres, estudantes de hostalería e Institutos de Empresa. Volvéronse desenvolver tamén actividades de formación e reciclaxe do noso Panel de Cata e tamén doutros departamentos das empresas.

INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Este ano colaboramos directamente no "Proyecto piloto para la mejora de la calidad del producto final en 10 bodegas de la Denominación de Origen Rías Baixas, mediante la innovación en los procedimientos de gestión y control", xunto a Feuga, Universidade de Vigo e a Estacion de Viticultura e Enoloxía de Galicia.

CURSOS ESPECÍFICOS

Este ano organizouse tamén un curso para catadores denominado: "Métodos de elaboración e análise sensorial de viños espumosos".
Descrición: explicáronse os diferentes tipos de viños espumosos, o volume producido, as cepas utilizadas e as zonas produtoras. Estudáronse tamén as diferentes fases do proceso de elaboración da vendima á tiraxe e da tiraxe ao degolo.
Realizáronse análises sensoriais de diferentes espumosos valorando a fase visual, olfativa e gustativa.
O curso foi impartido en novembro polo profesor Christophe Gerland, director da Sociedade Intelloeno (Francia) e ex-director técnico da Estación Enotécnica de Champagne.

CATAS

Desenvolvemento, preparación, colaboración e loxística en diferentes catas, (Catas do Consello, Cata de Cambados, Catas verticais en Minifeiras, etc.)

PROMOCIÓN

SEMINARIOS SUÍZA
26 de Xaneiro

Dentro do programa de actividades que levamos realizando en Suíza desde hai algúns anos, levouse a cabo na cidade helvética de Lucerna un Seminario sobre Rías Baixas nunha das máis prestixiosas Escolas de Alta Restauración de Suíza (Schweizerische Hotelfachschule Luzern). O seminario, como noutras ocasións foi conducido por Christian Baur, profesor da SHL.

"EDUCADORES DEL VINO" EN LONDRES
28-30 de Xaneiro

O programa de "Educadores del Vino", organizado pola Wine Academy continuou a súa xira, pasando pola cidade de Londres.
Durante varios días impartiuse un curso sobre os viños españois, cun programa teórico e práctico sobre as diferentes Denominacións de Orixe españolas, Rías Baixas entre elas. O curso rematou cun exame teórico e unha cata cega de 6 viños españois.
Os destinatarios e asistentes son os profesionais do sector que son acreditados como "Embajadores del Vino Español", tras os exames.

REUNIÓN SOBRE A CAMPAÑA U.S.A 2009
12 de Marzo

Na sé do Consello Regulador tivo lugar unha xornada sobre viños de España e a presentación da campaña U.S.A. para o 2009.
Os representantes do IGAPE presentaron as axudas á internacionalización, tras do cal fíxose unha presentación sobre Viños de España e Axudas de Promoción da OCM conducido por Rosa Angulo (Xefa do Departamento de Viños do ICEX). Finalmente, un responsable da Oficina Económica e Comercial de España en Nova York analizou o Mercado do Viño en EE.UU,
Pola súa banda, representantes da axencia Cornerstone, que desenvolve a campaña USA, presentaron o Programa de Actividades de Rías Baixas en EE.UU para o 2009.

SEMINARIOS SUÍZA
14 de Abril - 24 de Agosto - 20 de Outubro

Continuando o programa previsto en Suíza, nos meses de abril, agosto e outubro celebrouse un seminario sobre Rías Baixas na máis prestixiosa Escola de Alta Restauración helvética, a Schule fur Touristik und Hotellerie AG, en Chur.
O seminario foi conducido por Manfred Wagner, "beverage manager".

CENA CO SECTOR PROFESIONAL EN TOKIO
23 de Abril

Con motivo da nosa participación na feira Wine and Gourmet Tokio 2010, aproveitouse para facer unha presentación dos nosos viños a un grupo moi selecto do sector profesional xaponés, entre os que se atopaban o presidente da Asociación de Sumilleres Xaponeses, a prensa especializada de renome deste país, representantes de grandes superficies, ata un total de 28 persoas.
O acto comezou cunha pequena introdución sobre a Denominación Rías Baixas, seguida dunha maridaxe de 6 pratos típicos da gastronomía oriental con 6 viños de Rías Baixas. Os viños foron valorados moi positivamente por todos os asistentes e todos coincidiron na estupenda maridaxe dos caldos de Rías Baixas coa comida xaponesa.

CATA PONTEVINO EN VIGO
4 de Maio

A Federación Provincial de Hostalería de Pontevedra, en colaboración coa Asociación Galega de Sumilleres, celebrou as xornadas formativas "Pontevino 2009" nas que colaborou o Consello Regulador, ofrecendo unha cata comentada de viños da nosa Denominación.
O acto foi seguido por unha nutrida representación de profesionais do sector da provincia de Pontevedra.

ALMORZO COA PRENSA EN NOVA YORK
18 de Maio

Dentro das actividades da campaña de Promoción en EEUU organizouse un seminario e almorzo cun selecto grupo de prensa da gran mazá, celebrado no Vermilion Restaurant en Lexington Avenue.

CATA PEÑÍN
18-19 de Maio

Os representantes da prestixiosa "Guía Peñín de los Vinos de España" visitaron o Consello Regulador para puntuar os viños da nosa D.O.

CATA GALLAECIA
1 de Xullo

Un ano máis os sumilleres pertencentes á asociación "Gallaecia" visitaron o Consello Regulador para catar e puntuar os viños da Denominación para incorporar na súa guía.

CATA ASOCIACIÓN DE CATADORES GALICIA
7 de Xullo

Por primeira vez, os membros da nova Asociación de Catadores de Galicia estiveron na sede do Consello Regulador para catar os viños da Denominación.

PRESENTACIÓN CAMPAÑA "NOCHES CON NOMBRE PROPIO" EN MADRID
3 de Setembro

No restaurante do Hotel ME de Madrid foi presentada a acción de promoción "Noches con nombre Propio". O obxectivo da campaña era dar a coñecer o viño Rías Baixas-Albariño entre o consumidor madrileño.
A acción consistía en cambiar por unha noite o nome habitual de 40 bares da capital que pasaban a denominarse cun nome propio distinto (Carlos, María, Antonio, Pedro...) e desenvolveuse durante 4 semanas consecutivas entre setembro e outubro.
Esta iniciativa serviu para achegar ao público madrileño as características e o sabor do viño Rías Baixas-Albariño. (VER SECCIÓN NOVAS).

GALA DOS PREMIOS DA FPA EN LONDRES
24 de Novembro

O Consello Regulador patrocinou un ano máis, mediante o envío de mostras, a cea de gala celebrada en Londres con motivo da entrega dos Premios da Asociación da Prensa Estranxeira (Foreign Press Association) do Reino Unido.
A cerimonia, celebrada no Hotel Park Lane de Londres, estivo presidida por S.A.R Don Felipe de Borbón, Príncipe de Asturias, e contou con máis de 200 convidados que puideron gozar do viño Rías Baixas (o único viño branco servido na cea foi o Rías Baixas Albariño) nunha importante acción de promoción nun dos nosos mercados principais.

CAMPAÑA PUBLICITARIA DE NADAL
11-31 de Decembro

A axencia Publicis Dialog foi a encargada de desenvolver un Plan de Medios con motivo da Campaña Nadal de 2009.
Orientada a un público obxectivo de entre 30 e 55 anos, poder adquisitivo medio–medio e medio-alto, a iniciativa centrouse en Madrid como área de interese.
O obxectivo principal foi asociar na mente do

noso público obxectivo a palabra Albariño Rías Baixas con Calidade.
A campaña baseouse exclusivamente nos medios televisivos, a través de spots de 20" de Rías Baixas nas desconexións territoriais de TVE e Antena 3 en Madrid, así como na cadea autonómica Telemadrid.
Paralelamente, como en anos anteriores, foron contratados espazos para emisión de spots de 20" tanto en Localia Galicia como en Telesalnés.

FEIRAS E MINIFEIRAS

MADRID FUSIÓN
19-22 Xaneiro

Por primeira vez, o Consello Regulador estivo presente na feira Madrid-Fusión, cun espazo expositivo de 6 m2 no que se ofreceu viño xenérico e material promocional.
Ademais realizouse unha cata para 70 xornalistas estranxeiros. Os viños seleccionados foron os que obtiveron as mellores puntuacións na "Cata das Colleitas" celebrada no mes de decembro anterior.

FEVINO
7- 10 de Marzo

Tamén participou o Consello Regulador da D.O Rías Baixas na Feira FEVINO, celebrada con carácter bianual en Ferrol.
Por primeira vez, catro adegas estiveron presentes como co-expositoras nun espazo común baixo o paraugas do Consello Regulador.

MINIFEIRA SEVILLA
16 de Marzo

No mes de marzo tivo lugar este evento dirixido ao sector profesional, consistente nunha rolda de prensa e posterior almorzo nun coñecido restaurante sevillano, coa asistencia de persoal do Consello Regulador, que congregou a 18 medios de comunicación da provincia.

O encontro foi seguido pola tarde dunha presentación e cata con vintecinco sumilleres de Sevilla, que seguiron as explicacións dun técnico do Consello Regulador nunha pequena charla seguida da correspondente cata de distintas elaboracións de Rías Baixas.
Despois desenvolveuse unha cata e degustación para o sector profesional ofrecida polas adegas. Asistiron representantes de tendas especializadas, vinotecas, restaurantes e hoteis; sumilleres e prensa especializada e xeneralista; distribuidores e representantes da Unión Española de Catadores; representantes de escolas de hostalería e clubes de viños; asociacións de profesionais vinculadas ao sector e empresas de catering.
O total de asistentes do sector sevillano a estos actos foi cifrado nunhas 500 persoas.

PROWEIN DUSSELDORF
29-31 de Marzo

Como en anos anteriores o Consello Regulador estivo presente na feira PROWEIN 2008, cunha caseta de 12 m2, dentro do Pavillón Oficial do ICEX. Despregouse a estratexia de comunicación habitual, ofrecendo degustación de viños das adegas exportadoras que enviaron mostras, e recolléronse diferentes contactos que posteriormente se remitiron ás adegas.

FEIRA GOURMETS - MADRID
30-31 de Marzo

O Consello Regulador da D. O. Rías Baixas participou ao longo de 4 días, dentro do Pavillón de Galicia, na feira Gourmets, dirixida sobre todo ao sector profesional da Comunidade de Madrid, no que vén sendo unha cita fixa en Madrid, un mercado onde temos aínda un longo percorrido.

FENAVÍN - CIDADE REAL
5-7 de Maio

O Consello Regulador estivo presente dentro do pavillón de Galicia na feira FENAVIN, que nos últimos anos se converteu nun referente no sector, cunha importante presenza de importadores estranxeiros.

CAMPAÑA USA 2009

O Consello Regulador participou, xunto as marcas das adegas integradas na campaña USA 2010, nunha serie de eventos que a continuación detallamos:

Chicago Sommelier Party: 11 Maio
NYC Seminar and Lunch: 18 Maio
PressTrip to Rías Baixas: 1-6 Xuño
TradeTrip to Rías Baixas: 26 Xullo-2 Agosto
Los Angeles Sommelier Party: Setembro
NYC, Washington D.C. and Philadelphia Tapas Crawls:TBD

Festivais de Alimentación e Bebidas:
Scottsdale Food and Wine Festival: 17-19 Abril
James Beard Awards: 4 Maio
Great Match Chicago: 7 Maio

Aspen Food and Wine Classic: 1-21 Xuño
NYC Great Match: 6 Outubro
Great Match Houston: 26 Outubro
Culinary Institute of America Worlds of Flavor: 12-14 Novembro

LONDON WINE
12-14 de Maio

Unha vez máis participamos nesta importante feira inglesa dentro do pavillón español do ICEX cunha caseta de 12 m2. Preto de 45 marcas de Rías Baixas estiveron representadas neste evento que xa é unha cita ineludible do Consello Regulador, pois Reino Unido é o noso segundo mercado en exportación.

VINISTERRAE OURENSE
8-9 de Xuño

Durante a segunda edición desta mostra de viños celebrada en Ourense, o Consello Regulador participou como expositor cunha caseta de 16 m2. Ademais impartiu dúas charlas sobre a Denominación, ao sector profesional convidado ao efecto.

SALIMAT - Silleda1
1-15 de Xuño

Un ano máis, o Consello Regulador apoiou a participación de 7 adegas na Semana Verde de Silleda, SALIMAT. Casetas de 9 m2 baixo o paraugas común do D.O. Rías Baixas déronse cita neste salón, de catro días de duración, dous para o sector profesional e dous abertos ao público xeral.

VINEXPO - Burdeos
21-25 de Xuño

O Consello Regulador da D. O. Rías Baixas participou na feira Vinexpo, a máis importante do sector vitivinícola a nivel mundial.
O Consello estivo presente baixo o pavillón español do ICEX, cunha caseta de 12 m2 que amparaba 50 marcas de Rías Baixas. Cinco días de feira ao longo dos que se deu cita en Burdeos o máis nutrido do panorama vitivinícola a nivel internacional.

PRESENTACIÓNS DA COLLEITA
Barcelona, 29 de Xuño / Madrid, 6 de Xullo

Nun acto convocado ao efecto déronse cita os medios de comunicación da capital nunha rolda de prensa na que o Presidente do Consello

Regulador anunciou a Cualificación de "Boa" para a colleita 2008, que foi seguida dun xantar con prensa e adegas.
Pola tarde convidouse ao sector profesional de Barcelona (Hostalaría, Alimentación, Sumilleres, Distribución) para que puidesen degustar os viños da colleita 2008.
En Madrid organizouse tamén un encontro coa prensa especializada do panorama nacional para dar a cualificación da colleita 2008. Posteriormente, os asistentes degustaron un menú confeccionado para a ocasión, perfectamente acompañado por uns Rías Baixas.

XVII FESTA DO VIÑO DO ROSAL
16-18 de Xullo

O Consello Regulador participou nesta tradicional feira cunha caseta de exposición de produto e material promocional. Nun xantar, celebrado o venres 18, estivo presente o alcalde de O Rosal xunto a diferentes representantes de adegas e persoal do Consello Regulador.

LVII FESTA DO ALBARIÑO DE CAMBADOS
29 de Xullo-2 de Agosto

O Consello Regulador da D. O. Rías Baixas organizou nesta edición da festa do Albariño un total de 44 casetas, nas que estiveron presentes 46 adegas e que se dispuxeron ao longo do Paseo da Calzada.
Nove xornalistas de recoñecido prestixio da prensa nacional participaron nas distintas actividades específicas, formando parte do panel de cata externo e reuníndose cos integrantes do pleno do Consello Regulador.
As distintas fases da cata alternáronse cunha travesía en barco pola ría, xantares en restaurantes con presenza do panel de cata interno do Consello Regulador e a prensa especializada, ademais dos integrantes do pleno do Consello.
O domingo celebrouse a fase derradeira das Catas e o acto de investidura do Capítulo da Serenísima Orde do Albariño e a entrega de premios aos gañadores da Cata-Concurso.

L FESTA DO VIÑO DO CONDADO
28–30 de Agosto

O Consello Regulador participou nesta xa cincuentenaria feira cunha caseta de exposición de produto e material promocional.

MINIFEIRA CONSUMIDOR FINAL - Madrid
22 de Outubro

Tras a realización da primeira minifeira dirixida ao consumidor final na Coruña e Xixón, organizouse en Madrid un evento similar.
O acto comenzou cunha rolda de prensa para os medios de comunicación da capital e posteriormente un xantar coa prensa.
Tras do xantar desenvolveuse o evento onde cada adega dispuxo dunha mesa así como de todo o material necesario para a cata do viño.
Ao longo da tarde acudiron máis de 800 persoas, convocadas ao efecto entre profesionais e consumidores finais.

MINIFEIRA CONSUMIDOR FINAL BILBAO
12 de Novembro

Co mesmo esquema habitual de reunión coa prensa e xantar previos ao acto en si, desenvolveuse unha nova cita para o consumidor final en Bilbao.
En total reuníronse ao longo do evento máis de 500 persoas.

FOOD & HOTEL CHINA - Sanghai
18–20 de Novembro

Por quinto ano consecutivo o Consello Regulador participou nesta feira dentro do pavillón oficial do ICEX cunha caseta de 12 m2. O Food & Hotel China é a feira máis importante de cantas se realizan en China e en xeral en Asia no sector da alimentación.
O enorme desenvolvemento de China e o aumento do seu nivel de vida fan deste certame unha cita ineludible para as empresas españolas interesadas no mercado agroalimentario.
Paralelamente á feira, dentro do Pavillón Español houbo un Espazo Gastronómico no que se realizaron diferentes actividades de promoción.
Participamos no Túnel do Viño co noso viño xenérico e, dentro tamén das actividades organizadas neste espazo, fixemos un Seminario-Cata dunha hora de duración, coa presentación da D.O. e unha sesión de cata dos seus viños. O IGAPE en China foi o encargado de promocionar este acto e de facer as invitacións.

FORMACIÓN

SEMINARIO BRASIL
27 de Febreiro

BIC GALICIA, no seu labor de apoio á internacionalización das empresas galegas, puxo en marcha unha acción de formación sobre o mercado de Brasil, dirixido ás empresas vitivinícolas galegas.
No seminario celebrado no Pazo de Mugartegui estiveron presentes responsables de BIC Galicia así como diferentes adegas do D.O. Rías Baixas. Tratáronse diferentes aspectos relacionados coa exportación de viño a Brasil, as necesidades das adegas, así como os obxectivos a conseguir na misión comercial a São Paulo que estaba prevista para o mes de abril.

CURSO EXPORTACIÓN
20-21 e 27-28 de Novembro

O Consello Regulador organizou un curso de 26 horas de duración sobre a Exportación de Viños impartido pola empresa EUROGAP.
O curso estivo dividido en 2 módulos, durante dúas fins de semana consecutivas e foi impartido por profesionais cunha ampla e contrastada experiencia nas áreas de Exportación, Mercadotecnia e Comercialización de produtos vitivinícolas.
Os principais obxectivos do curso eran mellorar a situación individual de mercado nas áreas Mercadotecnia-Comercial das Adegas; a formación en Exportación; e o fomento da comercialización noutros países nas adegas.

CURSO INGLÉS DO VIÑO-ENOTURISMO
15–18 de Decembro

Este curso, impartido por Andrew Black, tivo 20 horas de duración e desenvolveuse na sé do Consello Regulador durante catro días consecutivos, de luns a xoves.
Ademais da revisión de vocabulario de niveis anteriores, termos e vocabulario avanzados, discusión de temas en relación coa viticultura, a elaboración e a mercadotecnia do viño este ano, como novidade, incluíuse unha parte de enoturismo.

VISITAS

ORLANDO LUMBRERAS NO CONDADO
Xaneiro

O xornalista de RNE Orlando Lumbreras estivo

por motivos persoais no Condado e aproveitou para visitar algunhas adegas da zona.

IMPORTADORES DE EE.UU.
12 de Marzo

Un grupo de oito importadores de EE.UU visitaron a sé do Consello Regulador con motivo da súa visita a Fevino. O grupo veu acompañado por un representante da Cámara de Comercio de España en EE.UU e durante a tarde visitou as instalacións do C.R. e recibiu unha pequena charla acerca da Denominación.

CATADORES DE SUECIA
15-16 de Abril

Os gañadores do concurso "Viños de España", organizado pola oficina comercial de Estocolmo, visitaron a D.O. durante dous días, coñecendo adegas e viñedos de distintas zonas da D.O. ademais de participar nunha cata.

XORNALISTAS DE EE.UU.
1-6 de Xuño

Dentro das actividades programadas na campaña USA 2009, xornalistas (como Laurie Daniel), importadores e profesionais do sector do viño visitaron viñedos, adegas así como a área xeográfica da D.O.

VISITA E CATA DE IMPORTADORES BENELUX
10 de Xuño

Con motivo dunha misión inversa organizada pola Cámara de Comercio de Ourense, 13 importadores do Benelux visitaron as instalacións do Consello Regulador e asistiron a unha xornada de traballo con 12 adegas da Denominación.

VISITA E CATA GUÍA REPSOL
20-22 de Xullo

Durante dous días, Isabel Mijares e o seu equipo de cata visitaron a Denominación para catar in situ os viños de Rías Baixas, que puntuaron para posteriormente, caso de alcanzar os 85 puntos, incluílos na Guía.

VISITA XORNALISTA XAPONESA
1–4 de Setembro

A xornalista xaponesa Issii Motoko visitou a denominación no marco dunha "misión inversa" que se levou a cabo grazas ao Programa de Apoio á Internacionalización do IGAPE.
Durante tres días a xornalista visitou diversas adegas do D.O. Rías Baixas, os seus viñedos e a área xeográfica da denominación.

MERCADOS

Setenta e tres adegas de Rías Baixas exportan máis de 4 millóns de botellas en 2008
1 Abril

Setenta e tres adegas adscritas ao Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas exportaron un total de 3.031.434 litros de viño no exercicio 2008, cun valor de máis de 17 millóns de euros. Foron un total de 4.041.912 botellas, pois toda a produción deste Consello Regulador véndese embotellada, que chegaron a 55 países. Na actualidade, setenta e tres adegas desta denominación de orixe participan nos plans de exportación, vintecinco máis que hai catro anos. O presidente deste Consello Regulador, José Ramón Meiriño, resaltou o dato que deixa patente "o dinamismo e a vocación exportadora das adegas desta denominación de orixe".
No exercicio 2008, as exportacións do D.O. Rías Baixas rexistraron un descenso do 7,55% con respecto a 2007. Esta baixada é debida á diminución da produción na vendima 2007, na que se recolleu un 38,8% menos de quilos de uva. De feito, as adegas dedicaron ao redor dun 20% das súas vendas aos mercados exteriores no exercicio 2008, mentres que no exercicio 2007 a porcentaxe foi dun 19%.
O mercado americano en xeral, co 63,76% das exportacións de Rías Baixas, mantén a súa preponderancia fronte ao 26,44% da Unión Europea.
EE.UU. continúa sendo o principal importador, concentrando o 52% das exportacións; séguenlle o Reino Unido, un mercado tradicional desta denominación, con 364.820 litros; Porto Rico que, con 149.976 litros e un incremento do 16%, despraza a Alemaña á cuarta posición.
Outros mercados nos que os viños de Rías Baixas manteñen un importante volume de exportacións son México, Suíza e Noruega. O país nórdico é o que experimentou un maior crecemento no exercicio 2008, con máis do 97% de incremento e case 74.000 litros importados.
Polo que respecta ao mercado asiático as exportacións ascenden a 46.058 litros en 2008. Destacou o incremento dun 8,48% das vendas en Xapón, ata alcanzar os 35.000 litros de viño.

Recoñecido internacionalmente

O esforzo promocional realizado, tanto desde este Consello Regulador como desde as diferentes adegas, vese reflectido na presenza destes viños no mercado. Accións de patrocinio, campañas e programas para países e públicos específicos están detrás destes bos resultados, ademais da participación en eventos tradicionais como as distintas feiras nacionais e internacionais. Todo contribúe a reforzar a imaxe de viño branco de calidade que teñen os Rías Baixas no exterior.
Como dato de interese, no 2008 un viño Rías Baixas foi seleccionado pola compañía aérea inglesa British Airways para integrar a exclusiva selección de viños do mundo que ofrece aos seus pasaxeiros VIP. Xa o pasado ano, outro viño desta D. O. formaba parte da selección de viños na primeira clase de American Airlines.
Ademais, un viño desta DO situouse na cuarta posición na"Lista dos 8 deliciosos do ano", que elabora o Wall Street Journal. Finalmente, o New York Times publicaba sobre estes viños o pasado ano: "A constante popularidade do Albariño constitúe un tributo tanto para o atractivo fundamental destes viños brillantes que acougan a sede, como para os astutos esforzos de mercadotecnia dos adegueiros españois, que fixeron do Albariño o viño branco exclusivo da rexión galega de Rías Baixas, no Noroeste de España".

Doce importadores internacionais nunha xornada de traballo en Mugartegui
12 de Xuño

Doce importadores internacionais, procedentes de Estados Unidos, Rusia, Canadá, Bélxica e Lituania, participaron nunha mesa de traballo con 21 adegas da Denominación de Orixe Rías Baixas celebrada na sé do Consello Regulador no Pazo de Mugartegui (Pontevedra), aproveitando a súa participación no Salón de Alimentación do Atlántico (Salimat).
Estes profesionais puntuaron por encima dos 85 puntos (nunha escala sobre 100) os 21 viños que se lles presentaron durante esta xornada de traballo. Ademais, destacaron a calidade homoxénea dos viños de Rías Baixas, independentemente da marca. A visita serviulles para ampliar os seus coñecementos no número de marcas amparadas pola D.O. Rías Baixas e coñecer alternativas diversas en prezo, algo moi interesante nestes tempos de crise económica.
Os importadores destacaron ademais a forma de traballar da Denominación de Orixe e, especialmente, a maneira na que se organizou esta mesa de traballo.
Unha iniciativa incluída dentro das actividades programadas en Salimat, salón no que a D.O. Rías Baixas estivo presente a través da caseta da Consellería de Medio Rural e das casetas modulares amparadas polo paraugas da D.O. Rías Baixas.

O Informe Nielsen destaca que os Rías Baixas medran un 5,8 % no mercado nacional
30 de Xullo

Con asistencia de máis de trinta adegas do Consello Regulador do D.O. Rías Baixas presentouse no Pazo de Mugartegui o informe elaborado pola Consultora Nielsen "Conocer de forma nominal el número actual de Bares de Vinos en zonas concretas de ocio de Madrid, profundizando en las características de los vinos que ofrecen y en las sus de clientes". Nel establécese que esta Denominación de Orixe ten un interesante nicho de mercado por desenvolver en Madrid, onde proliferaron os bares de viños.
Segundo estableceu esta reputada consultora no seu informe, 2009 ofrecía oportunidades de desenvolvemento para os viños de Rías Baixas, que viron incrementadas as súas vendas nun 5,8% no mercado nacional, convertíndose así na segunda Denominación de Orixe dentro dos mercados de viños brancos con maior participación de mercado, un 12,9%.
Este excelente resultado supón un crecemento de catro puntos por encima da media do total dos viños brancos, e que supón un 7% de incremento, se comparamos este crecemento co do conxunto dos viños con denominación de orixe (tintos, brancos e rosados).
O aumento da demanda dos viños Rías Baixas supón unha importante oportunidade de mercado para os nosos produtos, especialmente valorada se temos en conta o descenso dun -2,8% nas vendas de viño con D.O. que apenas superaron os 600 millóns de litros, unha baixada máis acusada no sector da hostalaría, onde a caída foi do 6,7%. Neste sentido, o director comercial da consultora, Ignacio Lauroba, explicou que "detectamos claramente unha translación do consumo da hostalaría aos fogares".
Con todo, os viños brancos sortean este descenso e incrementan as súas vendas un 1,8%, xa que os consumidores valoran neles factores como que se trata de viños lixeiros, fáciles de beber, cunha excelente relación calidade/prezo e que souberon captar a atención de novos consumidores entre os xoves e as mulleres.
Neste contexto, "os viños Rías Baixas souberon captar a atracción dos consumidores", apunta o director comercial da consultora Nielsen. O 15% dos clientes é menor de 30 anos mentres que o 44% está entre 30 e 45. Ademais, o 24% dos clientes considéranse expertos no mundo do viño, mentres que o 40% se están integrando nel.
O informe estableceu tamén que os bares de viños son un tipo de establecemento cun importante desenvolvemento e constitúen unha alternativa de éxito aos tradicionais bares e cafeterías, e unha oportunidade de captar a un consumidor novo, aberto á innovación e a probar novos viños. Ademais, permiten ao consumidor incrementar os seus coñecementos sobre este tipo de produtos.
Neste mercado, Rías Baixas alcanza unha cota de vendas dun 7,9%, inferior á media nacional polo que, se temos en conta a súa poboación e a súa proxección nacional, o sitúan como un mercado prioritario a desenvolver.

Acción promocional "Noches con nombre propio" en Madrid
Por estas circunstancias o Consello Regulador decidiu desenvolver unha acción promocional en Madrid, a cargo da axencia de publicidade Publicis Dialog e baixo o nome "Noches con nombre propio".
Asociada a unha campaña de publicidade de identificación dos viños albariño co D.O. Rías Baixas, "Albariño Rías Baixas, pídelo por su nombre", a experiencia desenvolveuse en setembro e outubro en 40 locais de moda da capital.
Os establecementos seleccionados (nas zonas de Huertas, Chueca, Latina, Chamberí, Retiro e Barrio de Salamanca) cambiaron o seu nome habitual por un propio, durante unha noite: Manuel, Pedro, María... pasaron a ser as denominacións destes locais durante a noite elixida, na que a D.O. Rías Baixas regalaba unha botella de Rías Baixas e un elemento de merchandising a todas aquelas persoas co mesmo nome que tiña o local.
A acción publicitaria foi apoiada por unha campaña nos medios de comunicación, material promocional para os locais adheridos á acción e persoal en cada un dos establecementos: unha azafata no exterior e un experto no interior, encargados de asesorar ao consumidor sobre as referencias de Rías Baixas. Ademais, todos os clientes tiñan ocasión de catar un Albariño Rías Baixas e coñecer as súas calidades distintivas.

PROMOCIÓN

Os viños Rías Baixas na National Gallery londinense
24 Febreiro

Os Rías Baixas estiveron presentes nunha das institucións culturais máis importantes do mundo, a National Gallery de Londres, durante a exposición "Picasso e os Grandes Mestres" (Febreiro - Maio 2008).
Os viños de Rías Baixas servíronse en tres recepcións, organizadas pola National Gallery para os seus clientes e patrocinadores, que contaron cunha asistencia estimada de 400 persoas pertencentes a sectores dun nivel socioeconómico medio-alto da sociedade británica.
O Reino Unido ocupa o segundo lugar entre os importadores de viños Rías Baixas e o Consello Regulador é un dos expositores habituais na feira London Wine, unha das mostras máis prestixiosas do sector a nivel mundial.

O panel de cata examina 26 viños da II Cata das Colleitas anteriores ao 2007
12 Xuño

Corenta membros do panel de cata do Consello Regulador protagonizaron unha xornada técnica na que degustaron 26 viños representativos da II edición da Cata das Colleitas Rías Baixas. Todos estes viños, pertencentes a colleitas anteriores ao 2007, representaban unha ampla gama dos viños elaborados ao amparo de Rías Baixas: Condados, Rosal, barricas, crianzas sobre lías e seleccións de colleitas.
Os resultados sorprenderon aos asistentes, con viños das colleitas do 2001 e 2003 valorados moi positivamente. O que máis sorprendeu foi a alta valoración dun viño de 1999, con oito anos en botella.
Os resultados mostraron que os mellores viños puntuados polos catadores foron os monovarietais de Albariño e os Rías Baixas. Esta xornada volverase repetir para o panel da III edición da Cata das Colleitas.

Presentación da Ruta do Viño, integrada por cinco itinerarios
27 Xullo

A Ruta do Viño Rías Baixas, incluída dentro das Rutas do Viño de España, conta xa con cinco itinerarios, tras a incorporación ao proxecto da subzona do Rosal que se engade aos catro itinerarios restantes, que discorren pola subzona do Salnés. No seu esforzo por ampliar a iniciativa ás diferentes subzonas do D.O., a Asociación Ruta do Viño Rías Baixas traballa noutros itinerarios como son o de Ribeira do Ulla, na provincia da Coruña, no que conta coa colaboración do Concello de Vedra e o respaldo da Deputación da Coruña.
O proxecto foi presentado polo presidente do CRDO Rías Baixas e da Asociación Ruta do Viño Rías Baixas, José Ramón Meiriño, xunto ao director da zona da Coruña de Caixanova, Ángel Martínez, que respalda esta iniciativa. O Consello traballa tamén coa entidade financieira para lograr un acordo de colaboración na área de mercadotecnia conxunta.
Ángel Martínez destacou a importancia do sector de Rías Baixas, como un alicerce económico dinámico e puxante na provincia de Pontevedra, que conta coa colaboración do Instituto de Desenvolvemento Caixanova, que ten un papel estratéxico na aposta da entidade pola competitividade empresarial e o apoio aos sectores produtivos.

A Ruta do Rosal
Uns días antes foi presentado o novo itinerario da Ruta, o do Rosal, por parte do conselleiro do Medio Rural, Samuel Juárez, e do presidente do CRDO Rías Baixas e das Rutas do Viño Rías Baixas, José Ramón Meiriño. Ao acto tamén acudiron o alcalde de Tui, Antonio F. Fernández; o do Rosal, Jesús M. Fernández; a representante do Concello da Guarda, Rosalía Verde; e o concelleiro de Gobernación Administrativa de Gondomar, Manuel Núñez.
Un total de 15 empresas e tres concellos (O Rosal, Tomiño e A Guarda) da subzona do Rosal adheríronse a esta nova aposta por un turismo diferenciado e de calidade, onde os visitantes poderán beneficiarse de vantaxes como os amplos horarios de visita, a posibilidade de degustar os viños amparados pola Denominación de Orixe ou comprar algunha das marcas máis destacadas de Rías Baixas en calquera das seis adegas e establecementos adheridos.
Deste xeito a Asociación Ruta do Viño Rías Baixas incrementa o seu número de socios, dos 56 iniciais aos 93 actuais, mentres afronta o futuro inmediato que pasa por integrar a todas as subzonas da D.O. Rías Baixas, involucrando neste proxecto enoturístico a institucións, concellos, deputacións, cámaras de comercio e asociacións empresariais, entre outros.

En expansión
Con este fin, a Asociación organizou ademais diversas xornadas de sensibilización, entre agosto de 2008 e en marzo de 2009, nas diferentes subzonas da D.O. co ánimo de dar a coñecer as posibilidades de enoturismo e captar novos socios para unha ruta que é pioneira en Galicia e en España, e que responde a unha forma de turismo integral.
Os axentes públicos e privados responsables da planificación e xestión desta Ruta traballan de forma coordinada con Turespaña a través dun amplo programa promocional. participando en feiras internacionais, recibindo a xornalistas especializados no turismo internacional. Tamén mediante organismos como ACEVIN (Asociación de Cidades Españolas do Viño), o Padroado de Turismo Rías Baixas (dependente da Deputación de Pontevedra) e Turgalicia, cos que participan en distintos eventos sectoriais dentro e fóra de Galicia. Entre os

obxectivos da asociación está acadar a desestacionalización do turismo, a apertura de novos mercados, a ampliación de novos itinerarios, así como a realización de accións de formación e sensibilización para mellorar a prestación de servizos e a comercialización, ou a racionalización da sinalización coa finalidade de facilitar a accesibilidade dos turistas aos establecementos.

Convenio Caixanova - Ruta do Viño Rías Baixas sobre enoturismo
27 de Outubro

O presidente de Caixanova, Julio Fernández Gayoso, e o presidente da Asociación Ruta do Viño Rías Baixas, José Ramón Meiriño González, asinaron un convenio de colaboración para promocionar o enoturismo desta zona de Galicia. O protocolo de cooperación permitirá buscar iniciativas conxuntas, orientadas a incrementar o coñecemento deste viño no ámbito xeográfico da Denominación de Orixe Rías Baixas.
O convenio, que terá unha duración dun ano, reforza a aposta de Caixanova polos sectores clave que conforman o tecido produtivo de Galicia e garante unha gran repercusión grazas ás diferentes alternativas de difusión emprendidas, como a edición de materiais de comunicación, a realización de presentacións do produto ou o deseño dun vídeo promocional. O protocolo de colaboración tamén impulsará a celebración conxunta de actos, conferencias, seminarios, congresos, exposicións, cursos e foros de formación.

Éxito de público na Festa do Albariño de Cambados
29 de Xullo

A LVII edición da Festa do Albariño de Cambados foi inaugurada un ano máis no Paseo da Calzada. Os visitantes compartiron espazo coas autoridades, entre as que se atopaban o presidente Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán; o delegado territorial da Xunta en Pontevedra, José Manuel Cores; a directora xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, Alejandra Álvarez de Mon; o presidente do D.O. Rías Baixas, José Ramón Meiriño; o alcalde de Cambados, Luís Aragunde, e tamén o conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela.
A organización estima que durante esta edición da Festa do Albariño pasaron unhas 250.000 persoas polo Paseo da Calzada para degustar os viños da colleita 2008 e que no recinto das casetas vendéronse 60.000 botellas, así como 18.000 cataviños.
As corenta casetas situadas no popular Paseo da Calzada albergaron un total de 43 adegas. Como novidade, nesta edición un grupo de profesionais americanos, cinco xornalistas e un catador, acudiron a Cambados para participar nos diferentes aspectos da Festa do Albariño: o lúdico, a través do Capítulo Serenísimo; o técnico, composto pola cata-concurso, e o promocional que lle permitirá degustar un amplo abano de marcas de Rías Baixas. Esta actividade estaba enmarcada na Campaña USA que o Consello Regulador realiza, por quinto ano consecutivo no seu principal mercado internacional, coa colaboración do ICEX e do IGAPE.

"Lagar de Costa", Medalla de Ouro na Cata-concurso
A XXI Edición Cata-Concurso "Rías Baixas-Albariño" contou coa participación de máis de 63 marcas. A cata, organizada polo Consello, Regulador do D.O., contou cun panel de cata integrado por 20 expertos, pertencentes ao panel de cata interno deste Consello ademais de catadores externos como Bartolomé Sánchez, director do grupo Opus Wine; Carlos Maribona, colaborador de gastronomía do xornal ABC; Cristino Álvarez, xornalista na Axencia Efe; David Barco, presidente da Asociación de Catadores de Galicia; Pedro Mocholí, crítico gastronómico do periódico Las Provincias en Valencia, e Lorenzo Díaz, copresentador do programa Herrera na Onda.
Finalmente, o xurado decidiu outorgar a Medalla de Ouro á marca Lagar de Costa, da adega Dores Fontán; e a Medalla de Prata ao Rías Baixas Albariño de Pazo Pondal, de Adegas Pazo Pondal; a Medalla de Bronce recaeu no Señorío de Rubiós, da adega Coto Redondo. O grupo de expertos destacou tamén que a cualificación da añada 2008 como boa foi acertada, e que os doce viños que protagonizaron a Cata Derradeira contaban cunha calidade homoxénea.

SECTOR E INNOVACIÓN

Seminario sobre a campaña da D.O. Rías Baixas nos EE.UU.
12 Marzo

Máis de vintedúas adegas da D.O. Rías Baixas participaron na sé do Consello en Mugartegui nun seminario sobre o mercado do viño en Estados Unidos, presidido pola xefa de viños do ICEX, Rosa Angulo; Casto Varela e María Dolores García, do IGAPE; José Guerra, da oficina comercial de Nova York, e persoal da axencia americana encargada da campaña.
Durante a cita presentáronse as diferentes actividades previstas en Estados Unidos, onde Rías Baixas realiza por quinto ano consecutivo unha campaña de promoción coa colaboración do ICEX e o IGAPE, cun custe anual de 750.000 euros.
Entre os eventos previstos destacan os Great Match en Chicago, Nova York e Houston; tamén as viaxes de prensa que, como novidade, incorporan este ano unha viaxe de profesionais da industria; un evento para catadores en Chicago e en Os Ánxeles; un seminario e xantar en Nova York; un concurso de receitas, así como unha ruta de tapas polos locais habituais dirixida aos xornalistas de Philadelphia e Nova York.

Aprobado por unanimidade o novo Regulamento do Consello Regulador
3 de Xullo
O Pleno do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas aprobou por unanimidade o novo Regulamento de funcionamento do Consello Regulador, que recollía unha serie de modificacións para

adaptalo ao marco lexislativo actual, principalmente á OCM do Viño, á Lei da Viña e o Viño e á Lei Galega de Promoción e Defensa da Calidade Agroalimentaria.
A modernización do Regulamento do Consello tiña a finalidade de adaptalo máis á realidade actual do sector de Rías Baixas, e foi remitido á Consellería do Medio Rural, para o seu estudo xurídico antes da súa aprobación definitiva pola Xunta e a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.
O CRDO Rías Baixas fixo constar que neste proceso non se aprobou ningún tipo de cambio a proposta única de ningunha asociación agraria, senón que todas as modificacións realizadas foron consensuadas e propostas polos vogais do Pleno do Consello Regulador que reflicten os diferentes sentires de todos os membros deste pleno, nun exercicio de madurez do propio sector.

Preparativos da vendima
7 de Setembro

Os servizos técnicos do Consello Regulador organizaron como cada ano un período de formación para os 70 veedores encargados de realizar o control da entrada de uva de adegas, así como da cantidade de quilos de uva autorizados a cada viticultor inscrito, tal e como inclúe nas súas tarxetas identificativas.
De acordo cos informes do departamento técnico a uva atopábase en bo estado, cunha alta graduación e coa acidez correcta, o que permitía augurar que a uva acadaría o límite de madurez axeitado no froito, previo ao comezo da vendima.
Como novidade, a campaña 2009 atívose ao novo regulamento da Denominación de Orixe, xa en vigor, que permitía unha produción máxima de 12.000 quilos por hectárea para a caste albariño. No caso das demais castes o rendemento ascende a 12.500 kg. e nas tintas a 10.000 kg.

Rías Baixas supera os 23,6 millóns de quilos de uva, cun crecemento de 18,7%
23 de Outubro

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas anunciou ao concluír oficialmente á campaña de vendima 2009 que na mesma se recolleron un total de 23.624.086 quilos de uva. Unha cifra que supón o maior volume recollido nos últimos tres anos cun crecemento do 18,72% con respecto a campaña anterior e do 26,1% con respecto a 2007.
A colleita caracterizouse ademais pola calidade, polo que os técnicos de Rías Baixas tiñan moi boas impresións de cara ao viño novo, sobre todo tras comprobar o desenvolvemento das fermentacións.
Con respecto ás castes, o Albariño continúa sendo a de maior produción, con 22.482.462 quilos de uva, o que representa o 95,17% de toda a produción. Séguenlle a Treixadura e a Loureira, en variedades brancas; mentres que no caso das tintas este ano se recolleron 248.332 quilos, un 65% máis que en 2008.
Por subzonas, a maior cantidade de uva vinificada rexistrouse un ano máis no Salnés, con 14.736.425 quilos, seguido por Condado (5.196.576 quilos) e O Rosal (3.326.376 quilos).
O Consello Regulador destacou a profesionalización do traballo, tanto de viticultores como de adegueiros, cada vez máis concienciados na necesidade de aplicar o regulamento –en base a controis, rendementos...-, primando sempre a calidade da materia prima.

Xornada formativa para o Panel de Cata
13 de Novembro

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas organizou unha xornada formativa na que participaron corenta integrantes do seu Panel de Cata, responsables de valorar organolepticamente os viños da D.O. antes de saír ao mercado.
A sesión centrouse nesta ocasión nos viños espumosos e estivo a cargo do experto internacional Christophe Gerland, que explicou aqueles valores que distinguen a estes viños e que deben ser destacados na cata. Gerland, enxeñeiro microbiólogo e enólogo, explicou que á hora de valoralos hai que ter en conta "desde o son do descorche ata que teña unha burbulla fina, cunha fineza aromática e unha boa acidez para que sexan expresivos en boca".
A elección destas xornadas formativas sobre espumosos está motivada porque o Regulamento do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, aprobado no mes de xullo, abre a posibilidade de que nun futuro a D.O. poida amparar viños espumosos.

Proxecto conxunto sobre Xestión e Control das adegas en Rías Baixas
14 Decembro

Durante unha xornada de traballo, o Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas presentou ao sector agroalimentario galego os resultados dun proxecto cooperativo para a implantación de procedementos de xestión e control para a mellora dos viños, seguindo o referencial da normativa ISO 9000.
No traballo, tutelado polo Consello Regulador, participaron dez adegas da D.O., asesoradas polo grupo de Enxeñería de Organización da ETS de Enxeñeiros Industriais de Vigo, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA) e o departamento técnico do Consello Regulador. O proxecto encadrouse no contexto dos "Espazos de Innovación" promovidos pola Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA) e contou cunha axuda da Unión Europea a través dos fondos FEADER, que xestionan tanto o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño como a Consellería do Medio Rural.

Sistema de Calidade ISO 9000
A iniciativa permitiu a implantación dun sistema de calidade e control baseado nos protocolos da ISO 9000, adaptando a norma internacional ás necesidades reais das adegas da D.O. Rías Baixas.
O obxectivo foi conseguir unha mellora da xestión e produción das

adegas participantes, que lles permitira a obtención da certificación ISO 9000, que a maioría das empresas teñen previsto solicitar a través das correspondentes entidades certificadoras.
O propósito do Consello Regulador é deseñar un conxunto de procedementos estándares que poida ser de utilidade ao resto do sector vitivinícola galego interesado na certificación.
Froito deste traballo foron o manual de Boas Prácticas en Viticultura e Enoloxía, que pretende ser un código ético de traballo no viñedo e a adega en busca dunha maior calidade e respecto ao medio ambiente; así como o de Boas Prácticas de Xestión, que recolle recomendacións en cuestións como recepción de pedidos, compras, valoración de provedores, análises de perigos e puntos de control crítico (APPCC), aspectos loxísticos e legais, entre outros.

PREMIOS

Prescriptores internacionais destacan a calidade dos Rías Baixas
2 Febreiro

Os mercados exteriores premiaron a esta D.O. con cento cinco galardóns, mentres que as principais guías do noso país recoñecen a calidade das marcas de Rías Baixas con máis 347 recomendacións. Tamén son numerosos, máis de 35, os premios outorgados á nosa denominación no mercado nacional.
No Reino Unido a revista Decanter World Wine, publicación de referencia de consumo para afeccionados de todo o mundo, premiou 26 viños da D.O. Rías Baixas nos Decanter World Wine Awards 2008. Os nosos viños conseguiron en total dous Ouros, catro Pratas, doce Bronces e 8 Commended, 12 galardóns máis que o ano anterior.
Na edición 2008 do International Wine Challenge, 28 marcas desta denominación conseguiron sete Medallas de Prata, sete Medallas de Bronce e catorce Commended. O prestixioso concurso internacional basea a súa reputación na calidade e experiencia dun xurado, composto por enólogos, distribuidores e xornalistas internacionais.
Ademais, tres adegas desta DO conseguiron tres Bronces no International Wine Masters Challenge de Estoril (Portugal).
Tamén foron premiados 25 viños da DO Rías Baixas no Challenge International du Vin, que conseguiron 9 Ouros, 10 Pratas e 6 Bronces no maior concurso internacional de viños que se celebra en Francia, e no que cada ano preto de 1.000 expertos xulgan máis de 5.000 viños procedentes duns 40 países.
Tamén en Francia, catro viños de Rías Baixas foron distinguidos con catro Pratas no Vinalies Internacionais, concurso organizado pola Unión de Enólogos de Francia e que cada ano reúne a 100 catadores de todo o mundo que valoran 3.000 mostras.
E, seguindo en Francia, os Rías Baixas lograron 4 Trophée Prestige no concurso internacional Les Citadelles du Vin, patrocinado pola OIV (Organización Internacional da Viña e do Viño) e que cada ano xulga a cegas 1.500 viños do mundo.
Esta misma entidade, a OIV, organiza tamén en Bruxelas (Bélxica) o Monde Selection International Wine Contest, certame no que marcas desta denominación conseguiron 2 Ouros e 6 Pratas.
Finalmente, no mercado asiático as adegas de Rías Baixas conseguiron 3 Bronces e 3 Pratas no Japan Wine Challenge, e 1 Bronce no Korean Wine Challenge.

Guías e revistas especializadas
Por outra banda, 46 viños de Rías Baixas mereceron unha puntuación superior aos 85 puntos na Guía Advocate Wines, realizada polo gurú do viño en Estados Unidos Robert Parker. Nesta ocasión, Robert Parker apostou polos Rías Baixas Albariños da colleita 2007. Ademais, un viño desta D.O. situouse na cuarta posición na "Lista dos 8 deliciosos do ano", que elabora o Wall Street Journal.
A revista Wine Cellar, do prestixioso crítico Stephen Tanzer, distinguiu a 22 viños desta Denominación, con puntuacións por riba dos 88 puntos.
Tamén a revista Wine Spectator, unha das publicacións norteamericanas referentes no mundo do viño, incluíu unha marca de Rías Baixas na súa lista anual cos 100 Mellores Viños do Mundo, onde só figuran seis viños españois tras a cata de máis de 19.500 viños de todo o mundo.

Premios nacionais
No noso país, 106 viños de Rías Baixas forman parte da Guía de Oro de los Vinos Españoles, onde foron recoñecidos con 3 Ouros, 43 Pratas e 33 Bronces. Ademais, a Guía Proensa de los Mejores Vinos de España recolle 30 viños desta D.O., con puntuacións entre os 89 e os 100 puntos. A Guía Peñín recolle numerosos viños Rias Baixas, de entre os que 53 obteñen puntuacións superiores a 89 puntos; Lo mejor de la Gastronomía, de Rafael García Santos, inclúe tamén numerosos viños da Denominación entre os que figuran 12 con puntuacións entre os 8 e os 8,5 puntos, mentres que a Guía Repsol de los Mejores Vinos de España destaca 66 con puntuacións entre 90 e 96. Finalmente, en Galicia, os viños desta Denominación lograron 11 Distincións Gallaecia.
Os Rías Baixas recibiron tamén 3 Ouros e 27 Pratas nos Premios Bacchus, da Unión Española de Catadores (UEC) e o Ministerio de Agricultura, así como un Gran Baco de Ouro na XXII Edición da Cata Bacos, que distinguiu un viño de Rías Baixas como o mellor viño novo de toda España da Colleita 2007 (incluídos brancos e tintos).
Ademais, unha adega desta D.O. foi distinguida co Premio Esmeralda dos Premios Vino y Mujer 2008.
Finalmente, dúas marcas de Rías Baixas recibiron premios no Concurso de Madrid Fusión dentro da categoría Mellor Viño Español de menos 30 euros.

Consello Regulador da Denominación de Orixe

Rías Baixas

Pazo de Mugartegui
Praza da Pedreira 10 - 36002 (Pontevedra)
Tf: 986 854 850 / Fax: 986 864 546
www.doriasbaixas.com / consejo@doriasbaixas.com

Edita: Cuerpo a Cuerpo Comunicación. R/ Uruguai, 2 - 3º dta. 36201 VIGO

FEADER:
Europa inviste no rural

MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO

XUNTA
DE GALICIA